

Estatutos

ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMARÍA
FAMILIAR E COMUNITARIA



AGEFEC
Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria



Contido

TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL. DENOMINACIÓN, NATUREZA, FINS, ENDEREZO, ÁMBITO, MODIFICACIÓN E INTERPRETACIÓN DOS ESTATUTOS.....	6
Artigo 1. Denominación	6
Artigo 2. Natureza e forma xurídica.....	6
Artigo 3. Ámbito territorial.....	6
Artigo 4. Domicilio social.....	6
Artigo 5. Duración	6
Artigo 6. Fins sociais	7
Artigo 7. Actividades sociais.....	7
Artigo 8. Interpretación dos Estatutos.....	8
Artigo 9. Modificación dos Estatutos.	8
TÍTULO II: DOS MEMBROS E DAS ENTIDADES COLABORADORAS. DOS SEUS DEREITOS E OBRIGAS. DO RÉXIME DISCIPLINARIO	8
CAPÍTULO PRIMEIRO: DOS MEMBROS.....	8
Artigo 10. Dos Membros	8
Artigo 11. Clases de Membros	9
Artigo 12. Adquisición da condición de socio	9
Artigo 13. Perda da condición de socio.....	10
Artigo 14. Readmisión de socios	10
Artigo 15. Da adquisición e perda da condición de Membro de Honra, Membro Non Numerario e Socio/a Emérito/a.	11
CAPÍTULO SEGUNDO: DOS DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS E DO RÉXIME DISCIPLINARIO.	11
Artigo 16. Dos dereitos dos Membros.	11
Artigo 17. Dos deberes dos Membros.....	12
Artigo 18. Réxime disciplinario.....	12
CAPÍTULO TERCEIRO. DAS ENTIDADES OU MEMBROS COLABORADORES	13
Artigo 19. Das entidades ou membros colaboradores.....	13
TÍTULO III: DAS GARANTÍAS DE FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO DA ASOCIACIÓN.....	13
Artigo 20. Garantías de funcionamento democrático	13



TITULO IV: DA ADMINISTRACIÓN DA ASOCIACIÓN E DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E UNIPERSOAIS. DO CÓDIGO ÉTICO E INCOMPATIBILIDADES. ADMINISTRACIÓN E REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN	14
Artigo 21. Órganos de Goberno e Órganos Unipersoais	14
CAPÍTULO PRIMEIRO. DO CÓDIGO ÉTICO, DA INDEPENDENCIA DA ASOCIACIÓN E DO RÉXIME DE INCOMPABILIDADES.	14
Artigo 22. Do Código Ético da Asociación.	14
Artigo 23. Dos cargos suxeitos a incompatibilidade.....	14
Artigo 24. Réxime de incompatibilidades.....	15
CAPÍTULO SEGUNDO. DA ASEMBLEA XERAL.....	15
Artigo 25. Concepto	15
Artigo 26. Convocatoria	16
Artigo 27. Das modalidades da Asemblea Xeral.	16
Artigo 28. Constitución da Asemblea Xeral.....	17
Artigo 29. Celebración da Asemblea Xeral.....	17
Artigo 30. Da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria de control en modalidade telemática.....	17
Artigo 31. Dereito a voto nas Asembleas Xerais.	18
Artigo 32. Acordos.....	18
Artigo 33. Maiorías para adopción de acordos	19
Artigo 34. Competencias da Asemblea Xeral	19
CAPÍTULO TERCEIRO. DA XUNTA DIRECTIVA	20
Artigo 35. Concepto.	20
Artigo 36. Duración do cargo.	20
Artigo 37. Limitación de mandatos.	20
Artigo 38. Composición.	20
Artigo 39. Eleccións dos membros da Xunta Directiva	21
Artigo 40. Vogais	22
Artigo 41. Aceptación e toma de posesión do cargo.	22
Artigo 42. Cesamento dos membros da Xunta Directiva.	22
Artigo 43. Competencias da Xunta Directiva.	23



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

Artigo 44. Funcionamento da Xunta Directiva	24
CAPÍTULO CUARTO. DA XUNTA PERMANENTE OU XUNTA EXECUTIVA	25
Artigo 45. Da Xunta Permanente ou Executiva	25
CAPÍTULO QUINTO. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	26
Artigo 46. Da Presidencia	26
Artigo 47. Da/s Vicepresidencia/s	27
Artigo 48. Da Secretaría e Vicesecretaría.....	27
Artigo 49. Da Tesourería e a Vicetesourería.	28
Artigo 50. Administración interna.....	28
CAPÍTULO SEXTO. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN. CONSELLO ASESOR.	29
Artigo 51. Seccións e Grupos de Traballo.....	29
Artigo 52. Consello Asesor.	29
TÍTULO V: DA FEDERACIÓN	29
Artigo 53. Federación.....	29
TÍTULO VI: REXISTROS DOCUMENTAIS E CONTÁBEIS	30
Artigo 54. Libros-rexistro.....	30
TÍTULO VII: RÉXIME ECONÓMICO, PATRIMONIO E RECURSOS DA ASOCIACIÓN.....	30
Artigo 55. Patrimonio fundacional.....	30
Artigo 56. Recursos económicos.....	31
Artigo 57. Contabilidade e exercicio económico.....	31
Artigo 58. Da xestión do Réxime económico, do Patrimonio e dos recursos da Asociación.	32
TÍTULO VIII: APROBACIÓN DE REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO. PARTICIPACIÓN EN ENTIDADES	32
Artigo 59. Dos Regulamentos de Réxime Interno e outra normativa.....	32
Artigo 60. Da estrutura orgánica regulamentaria na administración e funcionamento da Asociación.	33
Artigo 61. Participación noutras entidades.....	33
TÍTULO IX: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN.....	34
Artigo 62. Causas de disolución.	34
Artigo 63. Período de liquidación.....	35



Artigo 64. Facultades dos liquidadores.....	35
Artigo 65. Aplicación do patrimonio social en caso de disolución.....	35
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.....	36
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.....	36
DISPOSICIÓN FINAL	36

TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL. DENOMINACIÓN, NATUREZA, FINS, ENDEREZO, ÁMBITO, MODIFICACIÓN E INTERPRETACIÓN DOS ESTATUTOS.

Artigo 1. Denominación

A asociación denomínase Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, en anagrama AGEFEC. Rexerase, con carácter xeral, pola vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, e as súas normas complementarias e de desenvolvemento; de forma específica rexerase polo contido dos presentes Estatutos.

Artigo 2. Natureza e forma xurídica.

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, formada por enfermeiros/as, de natureza científica, e que desenvolve as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderá federarse e confederarse con outras asociacións ou federacións de ámbito autonómico, estatal ou europeo que teñan obxectivos e funcións semellantes.

Artigo 3. Ámbito territorial

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria desenvolve principalmente as súas actividades no ámbito da Atención Primaria de Saúde da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Asociación adopta como lingua oficial o idioma galego.

Artigo 4. Domicilio social

O domicilio social da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria radicará na localidade de Santiago de Compostela (A Coruña).

Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálase o seguinte enderezo:

Rúa de Estocolmo, 8 baixo, (15707).

E-mail: secretariatecnica@agefec.org ou secretariatecnica@agefec.gal ou agefec@agefec.org ou agefec@agefec.gal

Artigo 5. Duración

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria terá duración indefinida e só se disolverá polas causas e na forma prevista na Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, nas súas normas complementarias, de desenvolvemento e execución e nos presentes Estatutos.

Artigo 6. Fins sociais

O obxecto social da Asociación está constituído polo fomento, o desenvolvemento, a promoción e a divulgación da Enfermaría de Atención Primaria, en calquera dos seus ámbitos, ou que con eles poida relacionarse. Así mesmo, constitúe o seu obxecto social o desenvolvemento científico dos seus membros e do conxunto dos enfermeiros e enfermeiras que traballan no primeiro nivel de saúde, a formación continuada dos mesmos; o desenvolvemento da investigación no ámbito da saúde e a promoción da mellora da saúde dos cidadáns.

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria ten como finalidades xerais:

- a) Defender e promover a Sanidade Pública, a Atención Primaria de Saúde e a Saúde Pública.
- b) Promover e fomentar o progreso científico, impulsando e participando en proxectos de investigación orientados cara a actividade que desenvolvemos e en concreto cara a mellora dos cuidados enfermeiros.
- c) Promover a mellora dos coñecementos a través da formación continuada e avanzar na autonomía na prestación dos cuidados enfermeiros.
- d) Colaborar cos organismos e institucións na formación e en calquera outra actividade que teña como finalidade última unha atención científica e de calidade.
- e) Promover relacións con outras organizacións e asociacións autonómicas, estatais ou estranxeiras que favorezan o desenvolvemento profesional.
- f) Participar en tódolos foros de discusión, institucións e niveles de toma de decisións que afecten a sanidade pública e en particular o desenvolvemento da nosa profesión.
- g) Promover e proxectar unha imaxe social e adecuada a realidade actual da capacitación científico-técnica do colectivo enfermeiro/a.

Artigo 7. Actividades sociais

Para o cumprimento dos seus fins a Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria organizará e realizará todas aquelas actividades e funcións que estime precisas e oportunas, entre elas:

- Organizar, realizar e celebrar actos e actividades científico, de investigación, formativos, culturais, lúdicas ou asistenciais, de forma individual ou en colaboración coas administracións ou organizacións públicas ou privadas.
- Desenvolver encontros científicos orientados principalmente a xeración de coñecementos e ao establecemento de consensos.
- Favorecer o establecemento e participación en redes de investigación en Enfermaría Familiar e Comunitaria, tanto a nivel autonómico como estatal e internacional.
- Promover plans de formación e capacitación de grupos excelentes de investigación en Enfermaría Familiar e Comunitaria.
- Representar aos profesionais en foros, reunións e actos similares, de ámbito



autonómico, estatal ou internacional.

- Realizar calquera outra actividade que os órganos de dirección e de representación acorden realizar en cumprimento dos fins establecidos no artigo 6 dos presentes Estatutos.
- Xerar unha liña de publicacións de axuda a Enfermaría Familiar e Comunitaria que incidan especialmente en aspectos metodolóxicos e no consenso de procedementos que guían a práctica enfermeira.
- Estas actividades e funcións serán levadas a cabo pola Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria directamente ou en colaboración con outras sociedades que persigan os mesmos obxectivos.

Artigo 8. Interpretación dos Estatutos

A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nos presentes Estatutos, sempre con total submisión á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Artigo 9. Modificación dos Estatutos.

1. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá modificar total ou parcialmente os seus Estatutos, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria convocada especificamente con este obxecto.
2. A Xunta Directiva aprobará o procedemento para o debate das emendas na Asemblea Xeral Extraordinaria, que dará a coñecer aos membros da Asociación con suficiente antelación.

TÍTULO II: DOS MEMBROS E DAS ENTIDADES COLABORADORAS. DOS SEUS DEREITOS E OBRIGAS. DO RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO PRIMEIRO: DOS MEMBROS

Artigo 10. Dos Membros

As persoas asociadas denomínanse Membros da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria e a súa condición é persoal e intransferíbel.

Poderán formar parte da Asociación **en calidade de Socio/a numerario/a e Socio/a Emérito/a** tódalas persoas físicas, maiores de 18 anos, con plena capacidade de obrar, que cumplan as



condicións establecidas nos presentes Estatutos e nas leis, teñan interese en servir ás finalidades sociais e sexan admitidos pola Asociación; e **en calidade de Membro de Honra e Membro Non Numerario**, as persoas físicas e xurídicas, con plena capacidade de obrar ou após o acordo do órgano competente da persoa xurídica, que cumpran os requisitos establecidos nas letras b) e c) do artigo 11.

Artigo 11. Clases de Membros

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria terá os seguintes tipos de membros:

1. **Socio/a numerario/a:**
 - a. Poderán ser socios/as da AGEFEC os enfermeiros/as de Atención Primaria, os enfermeiros/as especialistas en Enfermaría Familiar e Comunitaria e/ou que desenvolvan a súa actividade no ámbito da Atención Primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b. Os enfermeiros/as que cursan a residencia de Enfermaría Familiar e Comunitaria.
 - c. Os enfermeiros/as que pola súa valía profesional no ámbito asistencial, docente ou investigador sexan considerados de relevancia para a Enfermaría Familiar e Comunitaria.
2. **Membro de Honra:** poderán ser Membros de Honra aquelas persoas físicas ou xurídicas de especial relevancia, con destacada contribución á Asociación, á consecución dos obxectivos ou fins que persegue ou cunha función e prestixio no ámbito da Enfermaría da Atención Primaria, que os faga merecedores de dita condición. Os Membros de Honra non pagarán cotas á Asociación.
3. **Membro Non Numerario:** Poderán ser membros non numerarios os profesionais sanitarios que desenvolven a súa actividade no ámbito da Atención Primaria e que compartan os fins da organización. Igualmente poderán selo os enfermeiros que exerzan a súa profesión fóra do Estado Español.
4. **Socio/a emérito/a:** Poderán ser socios eméritos, aqueles/as enfermeiros/as que ostenten a condición de socio numerario e pasen a situación profesional de xubilación. Os/As Socios/as Eméritos/as non pagarán cotas á Asociación.

Quen desexe pertencer a Asociación, solicitarao por escrito á Presidencia, a cal dará conta a Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do socio, sen ningún recurso contra o acordo.

Artigo 12. Adquisición da condición de socio

Para o ingreso como socio da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria será preciso seguir os trámites de admisión que se establecen:

- a) Presentación dun escrito de solicitude.



- b) Aceptación do ingreso por parte da Xunta Directiva da Asociación.
- c) Pago da cota anual acordada e da correspondente cota de ingreso, se fose establecida.

Artigo 13. Perda da condición de socio

1. A perda da condición de socio poderá producirse por calquera das seguintes causas:
 - a) Renuncia voluntaria do socio.
 - b) Defunción do socio.
 - c) Incumprimento sobrevido dos requisitos esixidos.
 - d) Incumprimento reiterado por parte do socio dalgún dos deberes e obrigas que a Lei e os presentes Estatutos lle imponen.
 - e) Incumprimento dos acordos adoptados polos órganos directivos da Asociación.
 - f) Falta de pago das cotas periódicas e extraordinarias nun prazo superior a seis meses, tras 3 requirimentos.
 - g) Realización de actos, actividades e manifestacións contrarias e incompatíbeis cos fins sociais, que fagan indigno ao socio de tal condición e que supoñan un desprestixio para a Asociación.
 - h) Calquera outra causa establecida nos Estatutos da Asociación.
2. Todos os socios teñen dereito a se dar de baixa voluntariamente da Asociación en calquera momento e por calquera causa ou motivo. A solicitude de baixa voluntaria deberá realizarse mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación. Será efectiva no momento en que sexa comunicada na Xunta Directiva da Asociación, comunicación que deberá efectuarse na primeira reunión que se convoque e celebre despois de recibida a solicitude. A solicitude de baixa voluntaria non eximirá da obriga de satisfacer todas as obrigas económicas que teña pendentes coa Asociación.
3. A perda da condición de socio como consecuencia da resolución recaída nun expediente sancionador deberá vir precedida pola tramitación do oportuno expediente no que se garanta o seu dereito a ser informado dos actos que se lle imputan e a sanción que se propón; a efectuar prego de descargo e proposición de probas; e a recorrer en alzada ante a Asemblea Xeral.
4. A perda da condición de socio implica a de tódolos dereitos inherentes á mesma.

Artigo 14. Readmisión de socios

O socio que teña causado baixa na Asociación, de forma voluntaria ou forzosa, e desexe reingresar na mesma, deberá cumprir de novo todos e cantos requisitos se fixan nos presentes Estatutos, efectuando os trámites de admisión segundo o procedemento establecido.

No caso de que a baixa fose acordada por causa do impago de cotas, derramas, subscricións ou outras obrigas económicas, para ser admitido de novo deberá satisfacer o importe das obrigas económicas non satisfeitas e que foron motivo da súa exclusión.

Artigo 15. Da adquisición e perda da condición de Membro de Honra, Membro Non Numerario e Socio/a Emérito/a.

- a. **Membro de Honra:** a adquisición da condición de Membro de Honra require unha proposta formulada por calquera membro ante a Xunta Directiva da Asociación. O recoñecemento de tal distinción require ser aprobado pola Xunta Directiva e ratificado pola Asemblea Xeral. Así mesmo, se houberse motivos graves para tal decisión, a perda da condición de Membro de Honra require ser aprobada pola Xunta Directiva e ratificada pola Asemblea Xeral.
- b. **Membro non Numerario:** a adquisición da condición de Membro Non Numerario e a perda de tal condición realizarase segundo o establecido nos artigos 12 e 13 para o caso dos socios.
- c. **Socio/a Emérito/a:** a adquisición da condición de Socio/a Emérito/a será por parte dos Socios Numerarios a petición propia ou a proposta da Xunta Directiva tras pasar a situación profesional de Xubilación. Tal distinción require ser aprobada pola Presidencia (ou en quen delegue) e ratificada pola Xunta Directiva. A perda de tal condición realizarase segundo o establecido no artigo 13 para o caso dos socios

CAPÍTULO SEGUNDO: DOS DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS E DO RÉXIME DISCIPLINARIO.

Artigo 16. Dos dereitos dos Membros.

1. Todos os membros da Asociación gozarán, en réxime de plena igualdade e liberdade, dos seguintes dereitos:
 - a) Dispor de información e participar en todas as actividades e actos da Asociación, tanto científicos como administrativos.
 - b) Dispor de información relativa aos acordos dos órganos de goberno da Asociación; dispor de información sobre o estado de contas.
 - c) Asistir con voz e voto, cando así proceda, á Asemblea Xeral.
 - d) Elixir e ser elixíbel, cando for procedente, para os órganos de goberno.
 - e) Ser ouvido con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias, ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas e esixir que a resolución que recaia sexa motivada.
 - f) Impugnar os acordos de calquera dos órganos de goberno da Asociación que estime contrarios á lei e aos presentes Estatutos.
 - g) Darse de baixa voluntariamente na Asociación.
 - h) Facer suxestións á Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
2. Os Membros de Honra, os Non Numerarios e os/as Socios/as Eméritos/as non gozarán

de dereito a voto nas Asembleas Xerais da Asociación e non poderán formar parte dos órganos de goberno, dirección e representación da mesma.

Artigo 17. Dos deberes dos Membros

1. Serán deberes dos membros da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria os seguintes:
 - a) Comprometerse e contribuír ao cumprimento das finalidades sociais da Asociación e ao desenvolvemento das súas actividades.
 - b) Contribuír ao sostemento da Asociación co pago das cotas, derramas e outras aportacións económicas que, de conformidade cos presentes Estatutos, acorden os órganos de goberno e representación.
 - c) Respetar e cumprir os presentes Estatutos e os Regulamentos Internos que aprobe a Asociación.
 - d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
 - e) Desenvolver coa fidelidade, celo e dilixencia necesarios as obrigas inherentes ao cargo para o que teña sido elixido.
 - f) Respetar a libre manifestación doutros membros da Asociación, non perturbar as actividades da entidade nin o cumprimento dos fins sociais e contribuír ao prestixio da Asociación.
2. Os Membros de Honra, Non Numerarios e os/as Socios/as Eméritos/as terán os mesmos deberes que os restantes membros da Asociación, agás o establecido na letra e).

Artigo 18. Réxime disciplinario

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria pode sancionar, por medio dos seus órganos de goberno, as infraccións cometidas polos membros que incumpran os deberes e obrigas que conteñen os presentes Estatutos e os Regulamentos de Réxime Interno da Asociación.

Ditas infraccións poderán ser cualificadas de leves, graves e moi graves, e as sancións correspondentes poderán ir desde a simple amoestación até a expulsión ou separación do membro.

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria regulará, mediante un Regulamento de Réxime Interno, o réxime de infraccións e medidas disciplinarias, así como o procedemento para a adopción dos acordos sancionadores.



CAPÍTULO TERCEIRO. DAS ENTIDADES OU MEMBROS COLABORADORES

Artigo 19. Das entidades ou membros colaboradores.

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, no marco que permita o seu Código Ético, poderá inscribir no seu seo a persoas físicas e entidades xurídicas que, sen reunir as condicións e requisitos para ser membros, desexan voluntariamente estar vinculadas á entidade mediante a aportación de recursos económicos, periódicos ou puntuais, e subscriban coa Asociación o correspondente Convenio de Colaboración.

Ditas persoas ou entidades, que non terán en ningún caso a condición de membros, recibirán a denominación de **Entidades ou Membros Colaboradores**, podendo facer uso de dita denominación mediante lenda ou distintivo. Terán os dereitos e vantaxes que determinen os órganos de dirección e representación da Asociación, os cales constarán no correspondente Convenio de Colaboración.

Será de aplicación aos membros colaboradores o réxime disciplinario establecido no artigo 18 dos presentes Estatutos.

TÍTULO III: DAS GARANTÍAS DE FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO DA ASOCIACIÓN

Artigo 20. Garantías de funcionamento democrático

1. A organización interna e o funcionamento da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria serán democráticos e con pleno respecto ao pluralismo, tal como establece o apartado 5 do artigo 2 da vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, e levaranse a cabo dentro do marco da Constitución, da mencionada Lei Orgánica e do resto do ordenamento xurídico.
2. O funcionamento democrático concretarase no sufraxio universal e libre, e o principio de maioría para a adopción dos acordos que deban ser adoptados por Asemblea Xeral. Para as votacións dos acordos que sexan competencia da Asemblea Xeral serán convocados todos os socios seguindo os prazos que establecen os presentes Estatutos.

TITULO IV: DA ADMINISTRACIÓN DA ASOCIACIÓN E DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E UNIPERSOAIS. DO CÓDIGO ÉTICO E INCOMPATIBILIDADES. ADMINISTRACIÓN E REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 21. Órganos de Goberno e Órganos Unipersoais

Os órganos de goberno e administración da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria son a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e a Xunta Permanente.

Os órganos unipersoais son a Presidencia, a Vicepresidencia/s, a Secretaría, a Tesourería e de habelas Vicesecretaría e Vicetesourería.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DO CÓDIGO ÉTICO, DA INDEPENDENCIA DA ASOCIACIÓN E DO RÉXIME DE INCOMPABILIDADES.

Artigo 22. Do Código Ético da Asociación.

A Asociación disporá dun Código Ético que regulará as actuacións da AGEFEC e os seus membros nesta materia.

O Código Ético será redactado por unha Comisión que recollerá as aportacións do conxunto dos asociados. Dita proposta será elevada pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral Extraordinaria, segundo establece o artigo 60 dos presentes Estatutos. Dito Código terá rango orgánico de Regulamento Xeral.

Este Código Ético regulará entre outras cuestións as situacións de abstención e recusación dos cargos orgánicos da Asociación, como tamén dos membros do Consello Asesor, das comisións e grupos de traballo ou asesores de cara a emisión de informes, ditames ou calquera tipo de decisións.

Artigo 23. Dos cargos suxeitos a incompatibilidade.

Os membros da Xunta Directiva e os representantes ou compromisarios nas federacións de conformidade ao establecido no artigo 53 Federación, estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades.

Artigo 24. Réxime de incompatibilidades.

Serán motivos de incompatibilidade para formar parte da Xunta Directiva:

- a. os establecidos na lexislación vixente
- b. ostentar cargos de responsabilidade directiva no sistema público de saúde ou en institucións privadas, a excepción dos Xefes/as e Coordinadores/as dos Servizos e Unidades de Atención Primaria ou equivalentes. Tamén se entende como motivo de incompatibilidade os responsables de xestión docente con dedicación a tempo completo.
- c. ostentar cargos de responsabilidade sindical, ben por funcións de representación dos traballadores, ben a nivel orgánico das organizacións sindicais.
- d. ostentar cargos políticos, ben a nivel organizativo dos partidos ou asimilados, ben a nivel institucional, ben por designación en entes, fundacións, etc.
- e. ostentar cargos ou empregos na farmaindustria ou relacionados coa venda de medicamentos e/ou produtos sanitarios.
- f. ostentar cargos en organizacións ou Asociacións contrarias as fins da AGEFEC.
- g. aquelas outras incompatibilidades que estableza a Asemblea Xeral a través do Regulamento de Réxime Electoral antes da convocatoria electoral.
- h. Non poderán ser membros da Xunta Directiva aqueles que teñan sido sancionados por comisión de faltas graves ou moi graves até que se atopen rehabilitados.

CAPÍTULO SEGUNDO. DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 25. Concepto

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno e participación da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria. Está integrada por todos os membros e os seus acordos serán adoptados democraticamente.

Os membros da Asociación poderán asistir con voz e voto, salvo no caso dos Membros de Honra, Non Numerarios e os/as Socios/as Eméritos/as que será só con voz, ás sesións da Asemblea Xeral, sempre que estean ao corrente no pago das súas cotas e non se atopen sometidos a algún tipo de sanción.



Artigo 26. Convocatoria

1. A Asemblea Xeral poderá ser convocada en sesións Ordinarias e Extraordinarias. Facúltase a Xunta Directiva a convocatoria unificada da sesión Ordinaria e Extraordinaria, entendéndose esta como aquela na que se convoca á Asemblea Xeral para celebrar na mesma reunión a sesión ordinaria e a sesión extraordinaria ou viceversa. A convocatoria unificada non exenta de cumprir en ningún momento os criterios detallados sobre quórum mínimo e maiorías descrito ao longo do articulado e especificamente no artigo 33.
2. A Asemblea Xeral Ordinaria será convocada pola Xunta Directiva necesariamente unha vez ao ano.
3. A Asemblea Xeral Extraordinaria será convocada pola Xunta Directiva cantas veces o estime necesario. En todo caso, a Xunta Directiva está obrigada a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria cando o solicite un número igual ou superior ao 25% do total dos membros da Asociación.
4. Dita solicitude realizarase por escrito dirixido ao Presidente e estará asinada por todos os solicitantes con indicación do seu nome, apelidos e DNI. En dito escrito deberá facerse constar o obxecto ou obxectos da convocatoria, que constituirán a orde do día sen que o contido desta poida ser reducido pola Xunta Directiva, aínda que si ampliado. Dita Asemblea deberá realizarse dentro do prazo de dous meses a contar desde a presentación da solicitude.
5. A convocatoria, tanto de sesións ordinarias como extraordinarias, será efectuada pola Xunta Directiva con, polo menos, quince días de antelación á súa celebración, mediante a súa publicación en lugar visible da páxina web da Asociación, redes sociais e mediante escrito dirixido á totalidade dos membros.
6. Na convocatoria deberá expresarse o lugar, data, hora de convocatoria e orde do día dos asuntos a tratar. A orde do día poderá ser omitida da súa publicación nas redes sociais.
7. Unha vez convocada a asemblea non poderá modificarse o contido da orde do día, excepto se concorren á mesma a totalidade dos membros con dereito a voto e aceptan dita modificación por unanimidade.

Artigo 27. Das modalidades da Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral poderá celebrarse dos seguintes xeitos:

- a. Presencial: mediante a asistencia física dos socios ou mediante representación delegada segundo o artigo 31.2.
- b. Telemática: a través das tecnoloxías da información. Será requirimento necesario establecer os mecanismos de seguridade e protección das comunicacións, así como da verificación da autenticidade dos asistentes.
- c. Sempresencial: segundo o descrito nas alíneas a) e b) - presencial e telemática - nos termos previstos. A Xunta Directiva deberá garantir o bo funcionamento e accesibilidade.

Artigo 28. Constitución da Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral, en sesións tanto ordinarias como extraordinarias, quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría simple dos membros presentes ou representados con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se celebrará como mínimo media hora máis tarde da primeira, quedará validamente constituída a Asemblea sexa cal fora o número de membros presentes ou representados con dereito a voto.

Artigo 29. Celebración da Asemblea Xeral

1. A Presidencia da Asemblea Xeral corresponderá ao/a Presidente/a da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria e o/a Secretario/a da Xunta Directiva actuará como Secretario/a da Asemblea. O primeiro dirixirá os debates da Asemblea e asegurará o cumprimento da orde do día e o segundo redactará e asinará a correspondente acta coa conformidade da Presidencia. Presidencia e Secretaría, xunto co resto da Xunta Permanente, formarán a Mesa da Asemblea Xeral.
2. As reunións da Asemblea Xeral darán comezo coa lectura polo/a Secretario/a da acta da reunión anterior. Posteriormente tomará a palabra o/a Presidente/a que someterá dita acta á aprobación da Asemblea. Seguidamente o/a Presidente/a exporá e desenvolverá o resto dos puntos da orde do día, someténdoo despois á consideración e voto da Asemblea.
3. A celebración dunha Asemblea Xeral non poderá interromperse mentres non se teña rematado o tratamento dos puntos da orde do día. Só poderá acordarse a suspensión por circunstancias excepcionais. Dita suspensión terá que ser aprobada por dous terzos dos membros presentes con dereito a voto. A sesión terá que se reiniciar no prazo de 24 horas, sen necesidade de nova convocatoria.

Artigo 30. Da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria de control en modalidade telemática.

Coa fin de facilitar o normal desenvolvemento da vida da Asociación, así como a labor de participación do conxunto dos asociados, a Xunta Directiva deberá convocar unha Asemblea Xeral Ordinaria telemática no primeiro cuadrimestre de cada ano, especialmente no referido aos puntos b, c, d, e, do artigo 34.1 de Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria.

A Xunta Directiva establecerá os mecanismos necesarios para facilitar a accesibilidade de tódolos socios, a participación e debate, así como as medidas de garantía necesarias para a identificación dos participantes e demais medidas de control e seguridade necesarias.

A tal fin poderá requirir a inscrición previa para a participación na Asemblea Xeral nun máximo de corenta e oito horas previas.

O requirimento da modalidade telemática poderá ser suspendido por presencialidade ou semipresencialidade no suposto de que no primeiro cuadrimestre se realice algún evento, congreso ou xornada, ou se traten temas da competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 31. Dereito a voto nas Asembleas Xerais.

1. Na Asemblea Xeral poderán concorrer con dereito a voto tódalas persoas asociadas da Asociación que estean ó corrente no pago das súas cotas e que non se atopen sometidos a ningún tipo de sanción.
2. Admitirase a delegación de voto, segundo a normativa que se establece ao respecto. Cada socio presente na Asemblea non poderá aportar, aparte do seu propio, máis de cinco votos delegados.

Artigo 32. Acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por **maioría simple** dos membros asistentes con dereito a voto, o que sucederá cando os votos afirmativos superen os votos negativos.
2. Será precisa unha **maioría absoluta** dos votos en asemblea constituída, para a adopción dos acordos que se sinalan a continuación:
 - a) Acordos relativos á disposición e alleamento (venta ou cesión) de bens inmóbeis e de calquera ben da Asociación que teña un valor superior ao vinte por cento do fondo social.
 - b) Adquisición de bens que teñan un importe superior ao vinte por cento do fondo social da Asociación
 - c) Constitución dunha confederación de asociacións, ou a integración a unións, federacións e confederacións xa constituídas.
 - d) Participación en sociedades mercantís.
 - e) Modificación dos Estatutos.
 - f) Cesamento disciplinario de membros.
 - g) Cesamento da Xunta Permanente, da Xunta Directiva ou dalgún membro das mesmas.
3. Será precisa unha **maioría especial** dos votos en asemblea segundo se expresa no seguinte artigo para a disolución da Asociación.
4. As actas das sesións de Xunta Xeral reflexarán os acordos adoptados, as diversas opinións expresadas polos membros e, no seu caso, o resultado numérico da votación. Os acordos adoptados terán carácter executivo desde a súa adopción, con independencia de que a acta correspondente teña sido ou non aprobada.
5. As certificacións das actas serán expedidas e os acordos elevaranse a público, no seu caso, polo Secretario ou Vicesecretario da Xunta Directiva e, en ausencia de este, por calquera outro membro de dita Xunta.

Artigo 33. Maiorías para adopción de acordos

Os tipos de maiorías para a adopción de acordos recollidas nos presentes Estatutos, clasifícanse do seguinte xeito:

- a. **Maioría simple:** defínese cando unha opción obtén máis votos que calquera outra, sen acadar a metade dos votos dos socios con dereito a voto presentes ou representados.
- b. **Maioría absoluta:** defínese cando unha opción obtén a metade máis un dos votos dos socios con dereito a voto presentes ou representados.
- c. **Maioría especial:** para a disolución da Asociación, deberán concorrer o 70% dos membros con dereito a voto (presentes ou representados), a adopción de acordos deberá ser polo voto favorable de catro quintos dos votos dos socios con dereito a voto presentes ou representados.

Artigo 34. Competencias da Asemblea Xeral

1. A **Asemblea Xeral Ordinaria** ten as seguintes competencias:
 - a) Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior.
 - b) Exame e aprobación das contas do exercicio económico anterior.
 - c) Exame e aprobación da xestión da Xunta Directiva.
 - d) Exame e aprobación dos obxectivos e liñas estratéxicas, e do plan de actividades propostas pola Xunta Directiva.
 - e) Exame e aprobación do Orzamento do exercicio seguinte.
 - f) Exame e aprobación das cotas que deban satisfacer os socios e os Membros Non Numerarios da Asociación.
2. Son competencias da **Asemblea Xeral Extraordinaria** as seguintes:
 - a) Modificación dos Estatutos.
 - b) Disolución da Asociación
 - c) Constitución de fundacións, fusión con outras entidades similares e análogas; constitución de federacións, confederacións, coordinadoras ou similares; incorporación a unións xa constituídas ou a separación de elas.
 - d) Modificación dos signos distintivos da Asociación.
 - e) Solicitude da declaración de utilidade pública.
 - f) Aprobación do alleamento de bens inmóbeis, calquera que fora o seu valor, e de calquera ben da Asociación con valor superior ao vinte por cento do fondo social.
 - g) Adquisición de bens cun valor superior ao vinte por cento do fondo social da Asociación.
 - h) Elección dos integrantes da Xunta Directiva.
 - i) Nomeamento de representantes.
 - j) Aprobación dos Regulamentos de Réxime Interno e Réxime electoral e Consultas, no seu caso.
3. A relación de competencias contida no presente artigo ten carácter enunciativo e non limita

as atribucións da Asemblea Xeral, as cales se estenden a todos aqueles aspectos que veñan relacionados coa condición de órgano supremo da Asociación.

CAPÍTULO TERCEIRO. DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 35. Concepto.

A Xunta Directiva da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria é o órgano de goberno da Asociación. A este efecto é quen goberna, xestiona, administra e representa os intereses da mesma de acordo coas disposicións e directrices da Asemblea Xeral.

Artigo 36. Duración do cargo.

Os membros electos da Xunta Directiva exercerán durante o período de dous anos a contar dende a data de toma de posesión do mesmo.

Artigo 37. Limitación de mandatos.

Os mesmos poderán ser reelixidos un máximo de tres veces consecutivas para cada cargo da Xunta Permanente (Presidencia, Vicepresidencia/s, Secretaría, Vicesecretaría de habela, Tesourería e Vicetesourería de habela). En ningún caso, se poderá exceder un máximo de dez anos consecutivos na Xunta Directiva.

Artigo 38. Composición.

1. A Xunta Directiva da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria estará composta por:
 - a. Presidente/a
 - b. Vicepresidente/s
 - c. Secretario/a
 - d. Tesoureiro/a
 - e. de ser o caso Vicesecretario/a e/ou Vicetesoureiro/a
 - f. Vogais, tres como mínimo.
2. O Presidente, Vicepresidente/s, Secretario, Tesoureiro e o número de vogais que o Presidente considere oportuno, formarán a Xunta Permanente ou Xunta Executiva da Asociación.
3. Os compoñentes da Xunta Directiva deben ser socios da Asociación, maiores de idade, cun mínimo dun ano de antigüidade na Asociación para ostentar os cargos dos órganos unipersoais, estar en pleno uso dos dereitos civís, estar ao corrente no pago das cotas e non ter incorrido en ningún dos motivos de incompatibilidade.
4. Para optar aos cargos da Xunta Directiva non se poderá incorrer nas causas de incompatibilidade descritas no Réxime de Incompatibilidades (artigo 24).

5. Para optar a presentación de candidatura á Xunta Directiva e tomar posesión dos cargos, será necesario que os candidatos asinen os compromisos e/ou cláusulas de Confidencialidade e Protección de Datos que estableza a Xunta Directiva de conformidade cos órganos de asesoría técnica da Asociación e o Regulamento de Réxime Interno.
6. Os cargos da Xunta Directiva serán non remunerados, sen prexuízo da posibilidade ou dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño das súas funcións lles ocasione.

Artigo 39. Eleccións dos membros da Xunta Directiva

1. Os membros da Xunta Directiva deberán ser elixidos en Asemblea Xeral, en sesión Extraordinaria convocada ó efecto cunha antelación mínima de quince días antes da data da súa celebración. En dita convocatoria deberán estar accesibles os formularios de confidencialidade e protección de datos, tanto na páxina web da Asociación como nos correos electrónicos que se envíen aos asociados.
2. A elección farase sobre candidaturas unitarias que conteñan todos os membros a elixir e coa distribución de cargos entre eles. As candidaturas deberán ser presentadas mediante correo electrónico na Secretaría da Asociación, subscritas e asinadas polos membros candidatos, cun mínimo dunha hora antes da celebración da Asemblea.
3. Só se considerarán válidas aquelas candidaturas nas que a totalidade dos seus membros presenten en tempo e forma os compromisos de confidencialidade e protección de datos establecidos. Será responsabilidade do/a Secretario/a da Asociación ou da persoa que asuma as súas funcións, certificar co apoio dos órganos técnicos da Asociación a presentación da documentación necesaria para formalizar a candidatura. O Secretario no momento da Asemblea deberá dar conta das candidaturas presentadas e daquelas que contan cunha resolución desestimatoria para a súa presentación. A resolución desestimatoria do Secretario poderá ser recorrida en alzada perante a Asemblea Xeral mediante a presentación de toda a documentación necesaria no momento da proclamación de candidaturas.
4. No proceso formarase unha mesa electoral composta polo Secretario e dous vogais da Xunta Directiva. Por maioría simple resultará electa aquela candidatura que obteña maior número de votos ao seu favor. As diferentes candidaturas poderán designar interventores para as actuacións da mesa electoral. O número máximo de interventores que pode designar unha candidatura, será determinado pola Asemblea Xeral.
5. No caso de non haber máis de unha candidatura e ter que renovar cargos vacantes, farase por elección de entre os voluntarios presentes. Neste suposto, o Artigo 36 poderá quedar sen efectos.

Artigo 40. Vogais

Formarán parte da Xunta Directiva un mínimo de tres vogais. A asignación de tarefas a cada unha das Vogalías realizarase por acordo dos membros electos da Xunta Directiva na primeira reunión que se celebre despois da súa elección.

Artigo 41. Aceptación e toma de posesión do cargo.

Os membros electos da Xunta Directiva tomarán posesión dos seus cargos na mesma Asemblea Xeral na que resulten elixidos. O nomeamento dos cargos electos deberá ser certificado polo Secretario saínte co Visto e Prace do Presidente saínte.

Sen menoscabo do anterior, o Presidente Saínte, o Secretario Saínte e o Tesoureiro Saínte, baixo dirección e control dos cargos Entrantes, poderán e deberán levar a cabo as actuacións de representación administrativas, fiscal e bancarias necesarias mentres o proceso de traspaso de poderes non estea culminado. Ditas actuacións deberán quedar por escrito, mediante certificados expedidos polo Secretario Entrante co Visto e Prace do Presidente Entrante.

Artigo 42. Cesamento dos membros da Xunta Directiva.

1. O cesamento dos cargos antes de se extinguir o prazo regulamentario do seu mandato pode producirse por:

- a) Dimisión voluntaria presentada á Xunta Directiva mediante petición escrita motivada.
- b) Enfermidade que incapacite para exercer o cargo ou defunción.
- c) Baixa como membro da Asociación, ben sexa voluntaria ou forzosa.
- d) Sanción por falta cometida no exercicio do cargo, imposta de acordo co establecido no artigo 18 dos presentes Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno que no seu caso se aprobe.
- e) Acordo da Xunta Directiva, adoptado por maioría de dous terzos dos votos, ou por acordo da Asemblea Xeral adoptado por maioría absoluta.
- f) Por incorrer en motivo de incompatibilidade. As persoas que no exercicio dos seus cargos incorran nalgunha das incompatibilidades descritas no artigo 24 o seu cese como membros da Xunta Directiva xera efecto no momento do nomeamento que causa a incompatibilidade. A Xunta Directiva deberá ratificar os seus efectos na primeira sesión ordinaria ou extraordinaria non urxente e comunicalo aos socios.

2. As vacantes serán cubertas pola propia Xunta Directiva, pero o nomeamento deberá ser ratificado pola primeira Asemblea Xeral que se celebre. Dito acordo terá vixencia e o novo membro nomeado desempeñará o seu cargo até a celebración das seguintes eleccións.

Artigo 43. Competencias da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva ostenta a representación e administración da Asociación. Son funcións da Xunta Directiva:

- a) Decidir sobre as liñas estratéxicas no marco das Finalidades expresadas no Artigo 6 dos presentes Estatutos.
- b) Dirixir a administración da Asociación.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e as contas do exercicio pechado.
- d) Elaborar o plan de actividades, memoria de actividades e memoria económica para a súa elevación á Asemblea Xeral Ordinaria; levar o estado de contas e os libros de contabilidade.
- e) Garantir a obtención de recursos precisos para o funcionamento dos órganos e a realización de actividades definidos nos presentes Estatutos.
- f) Administrar o patrimonio e os recursos económicos da Asociación.
- g) Custodiar e cubrir os libros e documentos contábeis e de rexistro da Asociación.
- h) Resolver sobre a admisión de novos membros e acordar a baixa dos mesmos á que fai referencia o artigo 13 dos presentes Estatutos, coa tramitación, no seu caso, do previo e preceptivo expediente.
- i) Adoptar as sancións a que fai referencia o artigo 18.
- j) Propor a celebración de Congresos da Asociación, intervindo na súa organización administrativa, técnica e científica.
- k) Designar Comités, Ponencias, Comisións, Grupos de Estudo e de Investigación.
- l) Nomear os responsábeis das publicacións oficiais, da páxina web e de calquera outro órgano ou medio de expresión da Asociación.
- m) Propor logotipos, emblemas oficiais e signos distintivos da Asociación.
- n) Elevar ás Autoridades públicas as observacións e resultados dos estudos e investigacións efectuados.
- o) Manter contactos con Sociedades e outras entidades estranxeiras de natureza semellante.
- p) Garantir aos membros da Asociación información procedente dos órganos de goberno e participación a través de calquera medio escrito ou electrónico.
- q) Manter actualizado o rexistro de socios e membros e o carácter confidencial dos datos incorporados.
- r) Cumprir e facer cumprir os presentes Estatutos e os Regulamentos de Réxime Interno, no seu caso.
- s) Realizar calquera función que estableza a Asemblea Xeral.
- t) Cumprimentar todas as obrigas que establece a Lei Orgánica 1/2002 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- u) Realizar calquera outra función que non sexa competencia da Asemblea Xeral.

- v) Propor á Asemblea Xeral a modificación das cotas dos socios e membros non numerarios.
- w) Designar os compromisarios ou representantes ante asociacións ou federacións das que a Asociación forme parte.

Artigo 44. Funcionamento da Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva e a Xunta Permanente ou Executiva organízanse formalmente a través de reunións ordinarias e extraordinarias. Así mesmo tamén poderá organizarse informalmente a través dos medios e recursos de comunicación que establezan nas súas dinámicas de traballo, sempre e cando se respecten as normativas legais de seguridade das comunicacións, protección de datos e da privacidade das persoas, así como a confidencialidade das deliberacións dos seus membros.
2. Reunións da Xunta Directiva:
 - a) Convocatoria: A Xunta Directiva será convocada polo Presidente ou Vicepresidente, no seu caso, cantas veces o estime adecuado ou ben a instancia de tres dos seus membros.
 - b) Acta: O secretario ou persoa que o substitúa levantará acta de tódalas reunións. Esta deberá conter a orde do día da reunión, circunstancias do lugar e o tempo no que se celebrou, puntos principais das deliberacións que motivan os acordos, resultado das votacións, así como o contido dos acordos adoptados. Igualmente farase constar o nome apelidos e cargos dos asistentes.
 - c) Reunións en Sesións Ordinarias e Extraordinarias Non Urxentes:
 - i. A convocatoria realizarase cunha antelación mínima de sete días naturais á data da reunión, mediante convocatoria escrita na que conste o Orde do Día.
 - ii. A Xunta Directiva deberá reunirse en Sesión Ordinaria mínimo dúas veces ao ano, ou tantas veces como o Presidente considere oportuno. As citadas reunións poderán realizarse de forma presencial ou empregando as tecnoloxías da comunicación e información mais axeitadas segundo o momento.
 - iii. Para que a Xunta Directiva se encontre validamente constituída será necesario que asistan á reunión polo menos o cincuenta por cento dos seus membros.
 - iv. As decisións adoptaranse por maioría simple, dispondo o Presidente de voto de calidade no caso de empate. Non se admite a delegación de voto.
 - d) Reunión Extraordinaria non programada: de estaren reunidos tódolos seus membros e estes acceden por unanimidade celebrar unha reunión extraordinaria



definindo previamente, tamén por unanimidade a orde do día.

e) Reunións en Sesións Extraordinarias Urxentes:

- i. A convocatoria realizarase cunha antelación mínima de doce horas á data reunión mediante convocatoria escrita na que consten unicamente os puntos da Orde do Día que motivaron o seu carácter urxente. Para garantir a participación de tódolos membros, deberá facilitarse aos seus membros a utilización de medios de comunicación non presencial, preferentemente videoconferencia.
- ii. Para que a Xunta Directiva se atope validamente constituída será necesario que asistan á reunión polo menos o cincuenta por cento dos seus membros representados.
- iii. As decisións adoptaranse por maioría simple, dispoño o Presidente de voto de calidade no caso de empate. Poderase delegar o voto noutro membro da Xunta Directiva. Ningún membro da Xunta Directiva poderá asumir máis de 2 votos delegados.

3. Principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

A Xunta Directiva é o órgano de dirección da Asociación, e réxese polos principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

CAPÍTULO CUARTO. DA XUNTA PERMANENTE OU XUNTA EXECUTIVA

Artigo 45. Da Xunta Permanente ou Executiva

A Xunta Permanente ou Xunta Executiva da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria estará formada polos cargos dos órganos unipersoais e dos vogais designados, todos eles membros electos da Xunta Directiva:

1. Presidente
2. Vicepresidente/s
3. Secretario
4. Tesoureiro
5. De ser o caso Vicesecretario e/ou Vicetesoureiro/a
6. De ser o caso, dous vogais, elixidos de entre os seus propios vogais, pola Xunta Directiva.

As funcións da Xunta Permanente serán:

- a) Elaborar o proxecto de obxectivos e liñas estratéxicas da organización para a súa



presentación á Xunta Directiva.

- b) Facilitar a realización das actuacións aprobadas pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
- c) Representar a Asociación ante as organizacións de carácter público e/ou privado, así como ante as administracións públicas.
- d) Asumir a xestión cotián das actividades da Asociación.
- e) Ocuparse das convocatorias da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- f) Supervisar o funcionamento da estrutura administrativa da Asociación.
- g) Impulsar e realizar o seguimento dos Grupos de Traballo da Asociación.
- h) Cumprir e facer cumprir os presentes Estatutos, así como os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

CAPÍTULO QUINTO. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

Artigo 46. Da Presidencia

O/A Presidente/a da Xunta Directiva recibirá a denominación de Presidente da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria e ostentará a representación legal da mesma. Dita función será asumida polo Vicepresidente primeiro e, no seu defecto, polo segundo, en caso de enfermidade, abstención, recusación, ausencia ou vacante do Presidente.

Son facultades do Presidente:

- a) A representación da Asociación.
- b) Realizar e dirixir as actividades da Asociación precisas para o desenvolvemento dos seus fins.
- c) Presidir a Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Xunta Permanente, abrindo e dirixindo os debates e a orde das reunións, verificando os escrutinios que se leven a cabo e erguer as sesións.
- d) Convocar as reunións dos órganos de goberno, fixando a orde do día.
- e) Asinar as actas das reunións que celebren os órganos de goberno da Asociación, os pagos e demais documentos da Asociación.
- f) Adoptar as iniciativas necesarias para o desenvolvemento dos obxectivos da Asociación dentro das directrices xerais da mesma.
- g) Render informe da súa actuación a Xunta Directiva e anualmente diante da Asemblea Xeral.
- h) Ordenar os pagos.

Artigo 47. Da/s Vicepresidencia/s

Serán funcións do/s Vicepresidente/s:

- a) Colaborar co Presidente no exercicio das súas tarefas.
- b) Asumir as funcións e representacións que sexan delegadas polo Presidente.
- c) Asumir as funcións do Presidente no caso de ausencia, abstención, recusación, doenza ou vacante do mesmo.

Artigo 48. Da Secretaría e Vicesecretaría.

Corresponde particularmente ó/á Secretario/a:

- a) Recibir e tramitar solicitudes de ingreso e baixa de membros da Asociación.
- b) Manter actualizado o ficheiro ou base de datos dos socios e membros da Asociación.
- c) Levantar e asinar, co visto e praxe do Presidente, as actas das reunións dos órganos colexiados da Asociación e certificar a adopción dos acordos por parte dos mesmos. En caso preciso de ausencia de Vicesecretario poderá ser substituído nesta función por outro membro da Xunta Directiva.
- d) Custodiar as actas e expedir certificación das mesmas co visto e praxe do Presidente.
- e) Notificar as convocatorias.
- f) Facilitar a documentación precisa para a realización das actividades da Asociación, realizar todas as tarefas de administración que a Xunta directiva lle asigne ou o Presidente lle encargue ou delegue.
- g) Réxime Electoral:
 - i. Presidir a Mesa Electoral
 - ii. Certificar co apoio dos órganos técnicos da Asociación a presentación da documentación necesaria para formalizar as candidaturas á Xunta Directiva.
 - iii. Dar conta das candidaturas presentadas e daquelas que contan cunha resolución desestimatoria, no momento de proclamación de candidaturas á Xunta Directiva na Asemblea Xeral Extraordinaria.

Corresponde particularmente ó/á Vicesecretario/a, no caso de habelo/a:

- a) Colaborar coa persoa titular da Secretaría no exercicio das súas tarefas.
- b) Substituír a persoa titular da Secretaría en situación de ausencia, abstención, recusación, doenza ou vacante.
- c) Asumir as funcións que sexan delegadas pola persoa titular da Secretaría.
- d) Asistir á Secretaría nas funcións de Réxime Electoral.

De non haber Vicesecretario/a, o/a Secretario/a será substituído en caso de ausencia, enfermidade, dimisión ou cesamento por calquera outro membro da Xunta Directiva, nomeado

e designado pola mesma. Esta substitución deberá ser ratificada na primeira reunión de Xunta Directiva que se celebre.

Artigo 49. Da Tesourería e a Vicetesourería.

Corresponde particularmente ó/á Tesoureiro/a:

- a) Dirixir a contabilidade da Asociación.
- b) Tomar razón e levar a conta dos ingresos e gastos sociais.
- c) Intervir en tódalas operacións de orde económica.
- d) Recadar e custodiar os fondos pertencentes a Asociación.
- e) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida a Presidencia.
- f) Redactar e formalizar o orzamento anual de ingresos e gastos, segundo o criterio que a Xunta Directiva acorde.
- g) Elaborar o estado de contas anual, os cales, autorizados pola Xunta Directiva, serán sometidos á aprobación da Asemblea Xeral.

Corresponde particularmente ó/á Vicetesoureiro/a:

- a) Colaborar coa persoa titular da Tesourería no exercicio das súas tarefas.
- b) Substituír a persoa titular da Tesourería en situación de ausencia, abstención, recusación, doenza ou vacante.
- c) Asumir as funcións que sexan delegadas pola persoa titular da Tesourería.

De non haber Vicetesoureiro/a, o/a Tesoureiro/a será substituído en caso de ausencia, enfermidade, dimisión ou cesamento por calquera outro membro da Xunta Directiva, nomeado e designado pola mesma. Esta substitución deberá ser ratificada na primeira reunión de Xunta Directiva que se celebre.

Artigo 50. Administración interna.

1. En auxilio das súas funcións, a Xunta Directiva e a Xunta Permanente poderán contratar o persoal administrativo remunerado que estimen conveniente e oportuno.
2. A Xunta Directiva e a Xunta Permanente poderán encargar a profesionais externos a prestación dos servizos de carácter profesional que estimen necesarios para a boa organización, xestión e goberno da Asociación.



CAPÍTULO SEXTO. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN. CONSELLO ASESOR.

Artigo 51. Seccións e Grupos de Traballo

A Xunta Directiva poderá crear **Seccións ou Áreas** para o desenvolvemento específico das fins propias da Asociación. As tarefas de coordinación das Seccións serán asumidas polos vogais da Xunta Directiva ou polas persoas socias designadas pola Xunta Directiva.

A Xunta Directiva poderá crear **Comisións ou Grupos de Traballo ou de Asesoramento**, destinados a realizar actividades de formación, investigación e asesoramento nas diferentes áreas de interese no ámbito da Atención Primaria. A Xunta Directiva nomeará entre os seus membros un Coordinador de Grupos de Traballo. Todos os responsábeis dos Grupos de Traballo serán nomeados pola Xunta Directiva.

Artigo 52. Consello Asesor.

A Asociación poderá constituír un Consello Asesor e os membros do mesmo serán nomeados pola Xunta Directiva, que asignará a dito Consello as atribucións e competencias que en cada momento estime oportunas. Os membros do Consello Asesor poderán ser cesados no seu cargo pola Xunta Directiva. O nomeamento como membro do Consello Asesor realizarase para un período de tres anos, renovábel se así o considera a Xunta Directiva.

TÍTULO V: DA FEDERACIÓN

Artigo 53. Federación.

1. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá asociarse xunto con outras sociedades de carácter autonómico afíns, nunha sociedade de ámbito estatal creando unha federación. As distintas sociedades ou asociacións federadas son autónomas entre si.
2. Tamén poderá asociarse xunto con outras asociacións ou sociedades de carácter autonómico ou local de carácter afíns, nunha federación ou asociación de ámbito autonómico. As distintas sociedades ou asociacións federadas serán autónomas entre si. Enténdese neste suposto carácter afín outras sociedades científicas enfermeiras de diferentes especialidades ou entidades colexiais, como tamén doutras profesións sanitarias do ámbito da Atención Primaria de Saúde.

3. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá decidir libremente separarse da federación, mediante o correspondente acordo adoptado en Asemblea Xeral.
4. Os representantes ou compromisarios da AGEFEC nas federacións, estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades da Xunta Directiva, agás excepción expresa e motivada proposta pola Xunta Directiva e aprobada pola Asemblea Xeral.

TÍTULO VI: REXISTROS DOCUMENTAIS E CONTÁBEIS

Artigo 54. Libros-rexistro.

- a) Como garantía da efectividade dos dereitos dos seus membros e das terceiras persoas ou entidades que establezan relación coa Asociación, a Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria disporá necesariamente dos seguintes libros-rexistro:
 - a. Un rexistro actualizado dos seus socios.
 - b. Os rexistros contábeis esixidos pola Lei que permitan obter a imaxe fiel do seu patrimonio, do resultado económico obtido e da situación financeira da entidade, así como das actividades desenvolvidas.
 - c. Un libro de rexistro das actas das reunións da Xunta Directiva, da Xunta Permanente e da Asemblea Xeral
 - d. Un libro de inventario de bens.
- b) Os membros poderán acceder á documentación – a excepción do nome das persoas que formulan as deliberacións nas reunións das Xunta Directiva e Permanente - que se relaciona no apartado anterior a través de solicitude efectuada por escrito á Xunta Directiva, nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

TÍTULO VII: RÉXIME ECONÓMICO, PATRIMONIO E RECURSOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 55. Patrimonio fundacional.

O patrimonio fundacional da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria foi, no momento da súa constitución, o correspondente ás cotas de entrada dos membros fundadores.



Artigo 56. Recursos económicos.

Os recursos económicos previstos para a realización das actividades da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, encamiñadas ao cumprimento dos seus fins, serán os seguintes:

- a. As cotas ordinarias e extraordinarias, derramas e outras aportacións fixadas conforme aos presentes Estatutos que deban satisfacer os membros da Asociación.
- b. As aportacións ordinarias ou extraordinarias, fixas ou esporádicas, que efectúen as entidades ou membros colaboradores.
- c. As rendas e produtos dos bens e dereitos da Asociación.
- d. As subvencións, axudas, legados, herdanzas e doazóns de persoas físicas ou xurídicas, de organismos públicos ou privados.
- e. Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades ou a prestación de servizos que acorde realizar a Xunta Directiva.
- f. Os ingresos que poida recibir a Asociación pola realización, por parte de membros da mesma que actúen no seu nome e representación, de actividades lícitas desenvolvidas en cumprimento dos fins que marcan os presentes Estatutos.
- g. Calquera outro recurso lícito.

Artigo 57. Contabilidade e exercicio económico.

1. O exercicio económico terá unha **duración anual** e o seu peche coincidirá co do ano natural.
2. A Xunta Directiva da Asociación formulará, nun prazo máximo de tres meses contados a partir do peche do exercicio, as contas anuais.
3. Garantía de transparencia na contabilidade. As contas anuais comprenden: o balance, a conta de resultados e a memoria formando unha unidade. A redacción debe respectar o descrito no artigo 58.1, salvo modificación expresa a través do Regulamento de Réxime Interno; deben ser redactadas con claridade e amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Asociación. Así mesmo deberán informar aos socios do deber de maioría absoluta nos acordos descritos no artigo 32.2. Tamén deberán facer mención en dito informe canto representa o vinte por cento do fondo social na data de expedición da Memoria económica pola Xunta Directiva.
4. As contas anuais, formuladas pola Xunta Directiva, serán aprobadas pola Asemblea Xeral Ordinaria, en calquera caso, dentro dos meses seguintes á finalización do exercicio económico.
5. A contabilidade da Asociación axustarase ao disposto no Código de Comercio e as normas de contabilidade das entidades sen fins lucrativos.
6. A Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral Ordinaria ou para a súa aprobación o orzamento correspondente ao exercicio seguinte, e procederase a aprobar a liquidación do orzamento do exercicio anterior.

Artigo 58. Da xestión do Réxime económico, do Patrimonio e dos recursos da Asociación.

1. Da organización dos orzamentos.

Os Orzamentos da Asociación estarán estruturados do seguinte xeito:

- a) Ingresos: segundo se establece no artigo 56 sobre recursos económicos.
- b) Gastos: emprego do diñeiro. A súa vez, os gastos estrutúranse nas seguintes partidas:
 - i. Estruturais: considéranse gastos estruturais aqueles destinados ao pago de servizos esenciais da Asociación como son os do artigo 44 de administración interna, os de servizos informáticos, de comunicación e aqueles outros que sosteñan a infraestrutura do funcionamento ordinario da Asociación.
 - ii. Do funcionamento interno da Xunta Directiva: considéranse gastos da Xunta Directiva aqueles relativos as dietas derivadas do funcionamento interno ou representación en órganos federais ou confederais.
 - iii. Investimentos: recóllense tódalas liñas de inversión destinadas a desenvolver as fins da Asociación.

2. Da aprobación dos gastos.

A votación dos orzamentos en Asemblea farase de xeito individualizado nos puntos de Ingresos, Gastos Estruturais, Gastos do funcionamento interno da Xunta Directiva e Gastos de Investimentos. Así mesmo votarase de xeito individualizado e específico cando unha liña do apartado de Gastos de investimentos supere o vinte por cento do efectivo bancario dispoñible ou de dous mil cincocentos euros. Sempre e cando non contradiga o disposto no artigo 32.2 (Acordos da Asemblea Xeral) poderá ser aprobado por maioría simple.

Cando unha liña de gasto non sexa aprobada pola Asemblea Xeral e non se ratifique un acordo alternativo, quedará invalidada e non poderá ser executada.

TÍTULO VIII: APROBACIÓN DE REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO. PARTICIPACIÓN EN ENTIDADES

Artigo 59. Dos Regulamentos de Réxime Interno e outra normativa.

Os Regulamentos de Réxime Interno e outra normativa que poida aprobar a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva deben desenvolver as normas e principios contidos nos presentes Estatutos e aquelas outras materias non contempladas directamente non podendo ir, en ningún caso, en contra do establecido nos mesmos.

Artigo 60. Da estrutura orgánica regulamentaria na administración e funcionamento da Asociación.

Os presentes Estatutos recollen a norma suprema da Asociación, sendo a máxima expresión da organización democrática da mesma. Coa fin de permitir un desenvolvemento áxil dos mesmos, acadar as fins sociais e desenvolver as actividades sociais da Asociación, defínense as normativas e os órganos que as aproban segundo se detallan a continuación:

1. Regulamentos Xerais:

a. Tipos:

- i. De Réxime Interno e disciplinario.
- ii. De Réxime Electoral, Consultas, Mocións de Confianza e Referendos vinculantes.
- iii. Do Código Ético

- b. Órgano competente: a Asemblea Xeral Extraordinaria será a competente para a súa aprobación, a proposta da Xunta Directiva ou vinte socios. A súa aprobación requirirá maioría absoluta dos membros presentes ou representados con dereito a voto.

2. Regulamentos Executivos:

Son aqueles que aproba a Xunta Directiva de cara o conxunto da Asociación no marco das competencias atribuídas polos presentes Estatutos. A súa aprobación requirirá maioría absoluta dos membros da Xunta Directiva.

3. Instrucións Administrativas Internas:

Son aquelas que aproba a Xunta Directiva ou a Xunta Permanente, se fose o caso, para establecer a organización interna da Xunta Directiva e os servizos de apoio á administración da AGEFEC. Os membros da Xunta Directiva serán coñecedores das mesmas.

A xerarquía normativa, expresada de maior a menor é a seguinte: Regulamentos Xerais, Regulamentos Executivos e Instrucións Administrativas Internas.

As presentes normativas nunca poderán ser contrarias a lexislación vixente, nin aos presentes Estatutos, nin as normas de superior xerarquía.

Será responsabilidade do/a Secretario/a da Xunta Directiva a custodia e arquivo dos libros das normativas vixentes e derogadas descritas no presente artigo.

Artigo 61. Participación noutras entidades

1. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá constituír Fundacións sen fins lucrativos para o mellor desenvolvemento dos seus fins. O padroado de ditas Fundacións estará constituído pola Xunta Permanente, ostentando o cargo de patrón en tanto se ostente o de membro da Xunta Permanente da Asociación. O cargo de patrón será



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

- necesariamente gratuíto, sen prexuízo da posibilidade de ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas que o desempeño de ditos cargos ou funcións ocasione.
2. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá participar, xunto con outras entidades, en fundacións sen fins lucrativos se isto supón un mellor desenvolvemento dos seus fins. No padroado de ditas fundacións estará representada a Xunta Directiva a través dalgún dos seus membros. O cargo de patrón será necesariamente gratuíto, sen prexuízo da posibilidade de ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas que o desempeño de ditos cargos ou funcións ocasione.
 3. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá constituír ou participar en federacións, confederacións, coordinadoras ou entidades similares, con fins sociais semellantes aos da Asociación.
 4. A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá participar, ou ser titular de participacións, en sociedades mercantís, mesmo de forma maioritaria, sempre que a titularidade das mesmas axude ao mellor cumprimento dos seus fins sociais e non supoña vulneración dos principios de actuación mencionados nos presentes Estatutos e na Lei de Asociacións.

TÍTULO IX: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 62. Causas de disolución.

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria poderá disolverse polas seguintes causas:

- a) Sentenza xudicial firme.
- b) Acordo da Asemblea Xeral.
- c) Imposibilidade sobrevida de conseguir os fins sociais.
- d) Por outras causas determinadas legalmente.

No suposto definido no apartado c) a disolución require o acordo adoptado pola Asemblea Xeral. A Xunta Directiva debe convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria cando teña coñecemento da existencia da causa especificada. Calquera asociado pode solicitar á Xunta Directiva a convocatoria da Asemblea, se estima que se ten producido dita causa. Se a Asemblea non fora convocada, non se celebra ou non se ten adoptado ningún acordo con relación á disolución, calquera asociado poderá solicitar ao xuíz de Primeira Instancia do enderezo social que convoque a Asemblea ou disolva a Asociación.

Artigo 63. Período de liquidación.

1. A disolución da Asociación abre o período de liquidación. A entidade conservará a personalidade xurídica até a finalización de dito período.
2. A Asemblea Xeral que acorde a disolución elixirá unha comisión liquidadora composta por cinco dos membros da Xunta Directiva. En caso de renuncia dos membros elixidos, os cargos de liquidador vacante poderán ser cubertos polos demais membros da Xunta Directiva.
3. Exceptúase do establecido no punto anterior o suposto de disolución acordada polo Xuíz, no que se estará ao que o mesmo determine verbo dos liquidadores.
4. As normas aplicábeis segundo estes Estatutos para a Xunta Directiva serán tamén aplicábeis á comisión liquidadora.

Artigo 64. Facultades dos liquidadores.

Corresponde aos liquidadores:

1. Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
2. Levar a contabilidade da Asociación.
3. Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que foren precisas para a liquidación.
4. Cobrar os créditos da Asociación.
5. Liquidar o patrimonio e pagar aos acredores
6. No caso de insolvencia, promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.
7. Aplicar os bens sobrantes da Asociación aos fins previstos polos Estatutos.
8. Solicitar a cancelación de asentos no Rexistro de Asociacións.

Artigo 65. Aplicación do patrimonio social en caso de disolución.

1. Os bens e dereitos resultantes da liquidación, é dicir, o haber resultante unha vez efectuadas as oportunas operacións de liquidación, destinaranse a asociacións, fundacións ou outras institucións sen ánimo de lucro que acorden os liquidadores, as cales deberán perseguir fins análogos aos da Asociación. No caso de que non existan entidades como as descritas, os bens destinaranse a entidades coas mesmas características que persigan fins similares ou compatíbeis cos que persegue a Asociación e sempre e cando os devanditos fins non desvirtúen o carácter non lucrativo da Asociación.
2. No suposto que a Asociación solicitase a súa declaración de Utilidade Pública, e optase para someterse ao réxime fiscal da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, as entidades ás que se destine o patrimonio resultante da liquidación deberán ter a consideración de entidades beneficiarias de mecenado ao efectos do previsto no artigo 3.6º da citada Lei.



3. Para o mesmo suposto, recoñécese expresamente aos liquidadores a facultade de designar, segundo o establecido nos parágrafos precedentes, o destino dos bens e dereitos resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Quedan derogados os Regulamentos e demais normativa de Réxime Interno que se opoña ao disposto nos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos entran en vigor no momento da súa aprobación pola Asemblea Xeral Extraordinaria na súa reunión do día 1 de Xuño de 2024.

En Santiago de Compostela, a 1 de Xuño do 2024.

Asinado

A Secretaria



Leticia Carral Otero

Asinado

A Presidenta

Belén González Martínez

DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos quedan redactados na súa totalidade conforme ás modificacións acordadas na Asemblea Xeral celebrada o día 1 de xuño do 2024.